



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
15 DE FEBREIRO DE 2018

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta sesión anterior (14/11/2017)
2. Propostas obras para Orzamentos Participativos 2018
3. Información estado de obras realizadas na parroquia do Viso
4. Rogos e preguntas

No antigo preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día quince de febreiro de dous mil dezaoto, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Daniel Boullosa Martínez, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- José Núñez Iglesias, representante das asociacións veciñais e o seu suplente José Antonio Martínez Conde
- Fernando Veiga Estévez, representante da comunidade de montes
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- Alberto Couñago Castellano, representante da comunidade de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

1. Aprobación acta sesión anterior.

Pola Presidencia dase conta da acta da última xuntanza celebrada o 14.11.2017.

O Consello Parroquial do Viso, por unanimidade dos seus membros, aproba a acta.

2. Propostas obras para Orzamentos Participativos 2018

Comeza o Sr. Freire Collazo expoñendo que pidan entre os colectivos de Soutoxuste e Saramagoso, eles seguen pendentes.

A Presidenta lles pregunta se se reuniron e que propostas teñen.

A Sra. Vidal Dasilva lle contesta que teñen que reunirse. Pregunta polo tema da fachada e pintado interior desta vivenda.

A Presidenta lle contesta que de momento non hai cartos, hai que esperar a pechar as contas, ver cantos cartos hai e se proporán unha serie de obras. O da vivenda son 17000 euros e xa está valorada a da fachada.

A Sra. Vidal Dasilva lle comenta do tema da obra do Escredo, ten que solucionarse.

O Sr. Couñago Castellano di que nos orzamentos teñen que contribuír todos, non só os veciños representantes desa zona.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta lles comenta como idea, que podían ir polo tema da casa de alí abaixo pero non vai ser fácil.

O Sr. Freire Collazo di que é un tema do Concello e é complicado.

O Sr. Couñago Castellano expón que onde a de Carpintero había que ver para que ceda un trozo para que xiren os autobuses.

Se comprometen entre todos a falar con el o tema. E despois, se está de acordo, xa o miraría o aparelador municipal. Como primeira proposta aos orzamentos sería se Carpintero cede, ampliar nese tramo a estrada da Nogueira e facer o muro.

O Sr. Freire Collazo explica que eles andan ás voltas co da pista porque teñen que pagar catastro, xa presentaron un recurso para non pagar.

A Presidenta aclara que entón quedan en falar con Carpintero e despois reunirse entre eles para falar dos orzamentos.

O Sr. Martínez Conde expón as súas propostas:

- Continuar o camiño Castiñeira.
- Anchar a baixada ao camiño do Pazo para que poida baixar unha ambulancia.

A Presidenta lle contesta que vai mirar o do camiño Castiñeira e segundo sexa se convoca outro consello.

Finalmente, deciden entre todos reunirse para mirar as propostas e no próximo consello se concretan.

3.- Información estado de obras realizadas na parroquia do Viso.

A Presidenta informa que se fixo o asfaltado no Saramagoso.

Ademais asfaltouse o camiño municipal da Volta. Vaiselle botar un trozo máis de asfalto, uns 70 mts. ata a última casa e puxéronse máis farolas.

Continúa dicindo que está pendente para mirar cos veciños e ir o técnico municipal a medir o camiño do Valdramón. Para facer o proxecto teñen que estar localizados todos os veciños propietarios e estar de acordo en ceder.

Así mesmo, indica que comeza o saneamento na Nogueiriña, do Canabal.

4. Rogos e preguntas

O Sr. Freire Collazo comenta que ao pasar a de Nolete, na estrada da Nogueiriña, a arqueta do alcantarillado bota todo por fóra e estrada abaixo, é un perigo.

A Presidenta lle contesta que o problema é que os veciños canalizan as augas pluviais no alcantarillado.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Freire Collazo continúa expoñendo que, ao pasar a panadería, onde caera o muro e se fixera, a estrada volveu a ceder, que o miren.

O Sr. Núñez Iglesias comenta que na estrada morta afundiuse a estrada, onde a nave de conxelados, pregunta a quen lle corresponde arranxala.

A Presidenta lle contesta que a Fomento, hai que avisarlllo.

Ademais, a Presidenta lles informa que onde a de Domingo meteuse un tubo.

A Sr. Vidal Dasilva solicita que se reitere a petición á Deputación de beirarrúas para os tramos máis perigosos.

A Presidenta contéstalle que eles reiteran a petición pero non é fácil conseguilo.

Así mesmo, a Presidenta lles informa que o Concello de Soutomaior firmou o proxecto da Peneda, agora está en Patrimonio.

A Sra. Vidal Dasilva comenta o tema dos contenedores no cambio de rasante, é perigoso porque esa zona é estreita e con pouca visibilidade.

A Presidenta lle contesta que é un tema do concelleiro de medio ambiente, Miguel Ángel, hai que falalo cos veciños de alí, cada vez que se move un contenedor é peor.

O Sr. Veiga Estévez pregunta se se arranxou a arqueta da Igrexa.

A Sra. Vidal Dasilva pregunta como vai o tema de botarlle herba artificial ao campo de fútbol.

A Presidenta lle contesta á Sra. Vidal que montes ten que arranxar uns papeles pero a Deputación non está a favor do tema.

O Sr. Freire Collazo pide que se prohiba aparcar entre a parada do autobús e os contenedores na saída da Ganga, para mellorar a visibilidade e saída de vehículos.

O Sr. Veiga Estévez informa que no monte xa fixeron tageas, da casa de Alberto para arriba e van limpar.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.